



Tertulias literarias

A

BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA ABRIL – XUÑO 2023

A

1) Adiós fantasmas, de Nadia Terranova

19 abril a 3 maio



Ida volve a Mesina para axudar a súa nai a ordenar a casa na que se criou antes de poñela á venda. Terá que decidir que parte do seu pasado conserva e cal deixa marchar. Mentres, o fantasma da repentina desaparición do seu pai vinte anos antes, semella estar presente en todas as conversas e silencios entre nai e filla.

Versión dixital en eBiblio

2) Sibila, de Rosa Aneiros

3 a 31 maio



É noite, a marea vai para arriba e chove a esmadrasar cando unha muller penetra ás agochadas nunha illa practicamente inexpugnable. É a neta da Rubia, a tola do argazo. A filla da expulsada. Sibila regresa ao lugar en que foi animal sen domesticar nun tempo en que todo foi seu cunha misión que cumprir e a terrible certeza de que lle vai a vida niso.

Versión dixital en Galiciale

Letras Galegas

3) Canto yo y la montaña baila, de Irene Solá

31 maio a 14 xuño



Unha novela na que toman a palabra mulleres e homes, fantasmas e mulleres de auga, nubes e cogomelos, cans e corzos que habitan nos Pirineos, unha zona de fronteira que conserva a memoria de séculos de loitas pola supervivencia, de persecucións e guerras fraticidas, pero que encarna tamén unha beleza incomparable.

Versión dixital en eBiblio

Audiolibro en eBiblio

Fin tempada